

CAMPAÑA NEVE

Do 13 de xaneiro
ao 17 de febreiro

2023

PRAZO LIMITE DE INSCRIPCIÓN: 16/12/2022



Valgrande-Pajares



A rapaces/zas de entre 11 e 15 anos inclusive
cumpridos a 31/12/2022



Inscripcións no teu concello de empadramento
da provincia da Coruña



Ademais dos cursos de esquí, contaremos con actividades
complementarias, ou alternativas no caso de que non se poida esquiar.



INFORMACIÓN:
Cultura e Deportes da
Deputación da Coruña
www.dacoruna.gal/deportes
tlf. 981 080 319

LUGAR

Valgrande-Pajares (Asturias).

ALOXAMENTO

Albergues a pé de pista na Estación invernal de Valgrande-Pajares.

DURACIÓN

De venres a luns.

SAÍDA

Venres pola mañá, dos puntos de recollida, que se publicarán na páxina web da Deputación da Coruña.

REGRESO

Luns, despois do almorzo.

DESTINATARIOS

Nenos e nenas empadroados nun concello da provincia da Coruña, de 11 a 15 anos inclusive cumpridos a 31 de decembro de 2022. Terán preferencia os/as nenos/as que non foran a ningunha campaña de neve da Deputación.

COTA DE INSCRIPCIÓN

85 € (oitenta e cinco euros). Será ingresada na conta bancaria que se publicará na páxina web da Deputación da Coruña, facendo constar o nome do/a neno/a, Concello e "Campaña de neve 2023".

INCLÚE

Transporte, estadia e manutención na estación invernal de Valgrande-Pajares, monitores, clases de esquí, seguros, alugamento de material, remontes mecánicos e todo o gasto que ocasionen as actividades e cursos programados.

DOCUMENTACIÓN

Para a formalización da inscrición, debes entregar no teu Concello:

1. Ficha de inscrición debidamente cuberta e asinada polo pai e a nai, ou de ser o caso, polo titor.
3. Fotocopia da tarxeta sanitaria.
4. Fotocopia do carné de identidade ou libro de familia.
5. Copia do aboamento da cota de inscrición (cando a praza estea confirmada e no número de conta dado pola Deputación e publicado na súa web).
6. No caso de que o/a neno/a tivese tratamento ou doenza que teñan que ser tidos en conta, axuntarase certificado médico asinado por facultativo/a. De igual xeito, no caso de medicación específica ou alerxia alimentaria ou doutro tipo.

EQUIPO RECOMENDADO

- Gorro.
- Guantes.
- Gafas de esquí e de sol.
- Anorak térmico.
- Pantalón impermeable ou similar.
- Rroupa de rúa (pantalóns, zapatos, suadoiros).
- Equipamento deportivo (camisetas, pantalóns, calcetíns, chancletas para ducha, chándal e zapatillas de deportes).
- Chuvasqueiro.
- Mochila pequena.
- Útiles de aseo (xampú, peite, pasta de dentes e cepillo, desodorizante), toalla de ducha.
- Pixama, roupa interior.
- Crema protectora do sol, factor 25 mínimo.

IMPORTANTE

O material propio da actividade deportiva entregaráselle a cada participante durante a celebración da Campaña de neve.



Concellos por quenda

1ª QUENDA (do 13 ao 16 de xaneiro)

Ares, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, As Pontes, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño

2ª QUENDA (do 20 ao 23 de xaneiro)

Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Cerceda, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica, Muxía, Ponteceso, Santa Comba, Vimianzo e Zas

3ª QUENDA (do 27 ao 30 de xaneiro)

Boiro, Brión, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Negreira, Noia, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Ribeira e Rois

4ª QUENDA (do 3 ao 6 de febreiro)

A Baña, Ames, Boqueixón, Frades, Ordes, Oroso, O Pino, Santiago de Compostela, Teo, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra

5ª QUENDA (do 10 ao 13 de febreiro)

Abegondo, Aranga, Arzúa, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Cabanas, Coirós, Curtis, Frades, Irixoa, Melide, Mesía, Miño, Oza-Cesuras, Paderne, Pontedeume, Santiso, Sobrado, Toques, Vilarmaior e Vilasantar

6ª QUENDA (do 17 ao 20 de febreiro)

Arteixo, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo, Oleiros e Sada

Actividades

Os participantes gozarán de catro días na estación invernal de Valgrande-Pajares.

Ademais dos cursos de esquí, contaremos con actividades complementarias, ou alternativas no caso de que non se poida esquiar.



FICHA DE INSCRIPCIÓN

Concello

Datos do solicitante

Apelidos

Nome Data de nacemento

Enderezo

Concello

Sabe esquiar? Moito Pouco Nada

Nº de pé Estatura Peso

Datos médicos

Vacinas subministradas

.....

.....

Alerxias, se é positivo detalle cales

.....

.....

Outras observacións de interese

.....

.....

.....

.....

Os datos serán tratados pola Deputación da Coruña con enderezo en Avenida Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, para xestionar a solicitude e o desenvolvemento da actividade. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais é o consentimento explícito que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa sinatura e o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obrigaación legal. Así mesmo, poderán ser comunicados aos servizos sanitarios e á empresa aseguradora no caso de que o menor sufra algún accidente. A Deputación conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Se consideran que o presente tratamento incumpra o establecido no RCPD, poden presentar unha reclamación ante a AEPD. Para calquera outra dúbida relacionada coa protección de datos, as persoas interesadas poden dirixir un correo á delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal

Pai: D.

DNI

Nai: D^a

DNI

Titor/a: D./D^a

DNI

No caso de urxencia

Avisar a

Tel.

Email

1º.- Autorizo a asistencia do/a menor á "Campaña de neve 2023"

2º.- Declaro que non padece ningunha enfermidade que lle impida participar nesta campaña

3º.- Autorizo a realizar a reportaxe fotográfica do/a menor e para que se publique na web de Deportes da Deputación da Coruña

SI NON

A non autorización será tida en conta para os efectos de evitar no posible recompilar imaxes do menor. En todo caso, sendo tomada a dita imaxe a través de fotografía, video ou calquera outro medio de captación procederá a distorsionar os seus trazos diferenciadores, sobre todo cando na foto concorra a súa imaxe coa doutros compañeiros cuxos pais si autorizasen, nos termos aquí previstos, o uso, tratamento e cesión da súa imaxe.

4º.- Logo de ler a información en materia de protección de datos no presente formulario, consinto o tratamento dos datos persoais que constan nel e na documentación achegada

En, a de de 2022

A inscrición debe estar asinada polo pai e a nai, ou se é o caso, polo titor/a.

Sinatura pai e Sinatura nai, ou Sinatura titor/a

IMPRESINDIBLE AS DÚAS FIRMAS (PAI E NAI)